

Icono para agregar una imagen

# ADA LOVELACE

# BYRON

## A primeira programadora da historia



Diagram for the computation by the Engine of the Numbers of Bernoulli. See Note G. (page 722 et seq.)

Number of Operation.	Variables acted upon.	Variables receiving results.	Indication of change in the value on any Variable.	Statement of Results.	Data.										Working Variables.										Result Variables.			
					V <sub>1</sub>	V <sub>2</sub>	V <sub>3</sub>	V <sub>4</sub>	V <sub>5</sub>	V <sub>6</sub>	V <sub>7</sub>	V <sub>8</sub>	V <sub>9</sub>	V <sub>10</sub>	V <sub>11</sub>	V <sub>12</sub>	V <sub>13</sub>	V <sub>14</sub>	V <sub>15</sub>	V <sub>16</sub>	V <sub>17</sub>	V <sub>18</sub>	V <sub>19</sub>	V <sub>20</sub>	V <sub>21</sub>	V <sub>22</sub>	V <sub>23</sub>	V <sub>24</sub>
1	X V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	V <sub>2</sub> = V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	(V <sub>2</sub> = V <sub>1</sub> <sup>2</sup> )	2n	...	2	n	2n	2n	2n	...																	
2	- V <sub>1</sub> - V <sub>1</sub>	V <sub>3</sub> = V <sub>1</sub> - V <sub>1</sub>	(V <sub>3</sub> = V <sub>1</sub> - V <sub>1</sub> )	2n-1	...	1					2n-1																	
3	+ V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	V <sub>4</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	(V <sub>4</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub> )	2n+1	...	1					2n+1																	
4	+ V <sub>2</sub> × V <sub>2</sub>	V <sub>5</sub> = V <sub>2</sub> × V <sub>2</sub>	(V <sub>5</sub> = V <sub>2</sub> <sup>2</sup> )	2n-1	...						0																	
5	+ V <sub>3</sub> × V <sub>3</sub>	V <sub>6</sub> = V <sub>3</sub> × V <sub>3</sub>	(V <sub>6</sub> = V <sub>3</sub> <sup>2</sup> )	2n-1	...	2																						
6	- V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub>	V <sub>7</sub> = V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub>	(V <sub>7</sub> = V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub> )	2n-1	...																							
7	- V <sub>5</sub> - V <sub>5</sub>	V <sub>8</sub> = V <sub>5</sub> - V <sub>5</sub>	(V <sub>8</sub> = V <sub>5</sub> - V <sub>5</sub> )	n-1	...	1	n																					
8	+ V <sub>2</sub> + V <sub>2</sub>	V <sub>9</sub> = V <sub>2</sub> + V <sub>2</sub>	(V <sub>9</sub> = V <sub>2</sub> + V <sub>2</sub> )	2+0=2	...	2																						
9	+ V <sub>3</sub> + V <sub>3</sub>	V <sub>10</sub> = V <sub>3</sub> + V <sub>3</sub>	(V <sub>10</sub> = V <sub>3</sub> + V <sub>3</sub> )	2n-1	...						2n																	
10	X V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	V <sub>11</sub> = V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	(V <sub>11</sub> = V <sub>1</sub> <sup>2</sup> )	2n	...																							
11	+ V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	V <sub>12</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	(V <sub>12</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub> )	2n	...																							
12	- V <sub>10</sub> - V <sub>10</sub>	V <sub>13</sub> = V <sub>10</sub> - V <sub>10</sub>	(V <sub>13</sub> = V <sub>10</sub> - V <sub>10</sub> )	n-2	...	1																						
13	- V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub>	V <sub>14</sub> = V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub>	(V <sub>14</sub> = V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub> )	2n-1	...	1																						
14	+ V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	V <sub>15</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	(V <sub>15</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub> )	2n+1	...	1																						
15	+ V <sub>4</sub> × V <sub>4</sub>	V <sub>16</sub> = V <sub>4</sub> × V <sub>4</sub>	(V <sub>16</sub> = V <sub>4</sub> <sup>2</sup> )	2n-1	...						2n-1																	
16	X V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	V <sub>17</sub> = V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	(V <sub>17</sub> = V <sub>1</sub> <sup>2</sup> )	2n	...																							
17	- V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub>	V <sub>18</sub> = V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub>	(V <sub>18</sub> = V <sub>4</sub> - V <sub>4</sub> )	2n-1	...	1																						
18	+ V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	V <sub>19</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	(V <sub>19</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub> )	2n+1	...	1																						
19	+ V <sub>4</sub> × V <sub>4</sub>	V <sub>20</sub> = V <sub>4</sub> × V <sub>4</sub>	(V <sub>20</sub> = V <sub>4</sub> <sup>2</sup> )	2n-1	...						2n-2																	
20	X V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	V <sub>21</sub> = V <sub>1</sub> × V <sub>1</sub>	(V <sub>21</sub> = V <sub>1</sub> <sup>2</sup> )	2n	...																							
21	+ V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	V <sub>22</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub>	(V <sub>22</sub> = V <sub>1</sub> + V <sub>1</sub> )	2n	...																							
22	+ V <sub>4</sub> × V <sub>4</sub>	V <sub>23</sub> = V <sub>4</sub> × V <sub>4</sub>	(V <sub>23</sub> = V <sub>4</sub> <sup>2</sup> )	2n-1	...						2n-2																	
23	- V <sub>10</sub> - V <sub>10</sub>	V <sub>24</sub> = V <sub>10</sub> - V <sub>10</sub>	(V <sub>24</sub> = V <sub>10</sub> - V <sub>10</sub> )	n-3	...	1																						

Here follows a repetition of Operations thirteen to twenty-three.

24 + V<sub>12</sub> × V<sub>12</sub> V<sub>25</sub> = V<sub>12</sub> × V<sub>12</sub> (V<sub>25</sub> = V<sub>12</sub><sup>2</sup>)

25 + V<sub>1</sub> + V<sub>1</sub> V<sub>26</sub> = V<sub>1</sub> + V<sub>1</sub> (V<sub>26</sub> = V<sub>1</sub> + V<sub>1</sub>)

Haga clic en el icono para agregar una

**Augusta Ada King**, Condesa de Lovelace, naceu o 10 de decembro de 1815 como Augusta Ada Byron, única filla lexítima do poeta Romántico Lord Byron, e froito do seu breve matrimonio con Anne Isabella Milbanke (Baronesa de Wentworth).

Os seus pais separáronse ao mes de nacer ela. De feito, nunca tivo ningunha relación co seu pai, que abandonou Inglaterra para sempre en 1816.

Lady Byron estaba obsesionada con que a súa filla non herdara nada do seu pai, e educou a Ada profundamente nas matemáticas e a música, tentando alimentar a súa parte racional e obxectiva para alexa-la da parte emocional e subxectiva que, supostamente, alimenta a poesía.



**Ada con 4 anos de idade**

ic en el icono para agregar una imagen




**Ada aos 17 anos de idade**

O cinco de xuño de 1833, con 17 anos, Ada coñeceu a Mary Somerville, unha coñecida autora e científica do século XIX, que lle presentou a Charles Babbage (profesor Lucasián de matemáticas na Universidade de Cambridge e pai das computadoras). De inmediato, comezou unha voluminosa correspondencia entre ambos os dous sobre temas relacionados cos matemáticas, a lóxica...

Charles Babbage quedou tan impresionado coa capacidade analítica da xove Ada que a apodou; “A encantadora de números”.

en el icono para agregar una imagen



**Firma de Ada Lovelace na tradución do artigo sobre a máquina analítica.**

Babbage traballou sobre o proxecto da máquina analítica e realizou unha conferencia sobre os seus traballos nun seminario de Turín (Italia) en 1840, onde un matemático italiano chamado Menabrea escribiu un artigo en francés sobre todo o dito por Babbage. Ada foi quen traduciu dito artigo ao inglés, e cando lle amosou a Babbage, el suxeríulle que lle engadira as súas propias ideas.

O resultado foi que as notas engadidas por Ada eran tres veces máis do artigo orixinal. En ditas notas, que foron publicadas en 1843, ela predixo que a máquina de Babbage podería ser usada tanto para usos prácticos coma científicos.

*"Esta máquina pode facer calquera cousa que saibamos como ordenarlle que a execute..."*

*Ada Lovelace.*

En 1835, Ada casou con William King, dez anos maior ca ela.

Cando o seu marido herdou o título nobiliario en 1838, converténdose no Conde de Lovelace, ela converteuse tamén en Condesa de Lovelace.

Catro foron os descendentes de Lady Lovelace, 3 deles froito do matrimonio con William King.

Curiosamente, a filla que tivo fora de dito matrimonio (á que se lle atribúe a paternidade a Sir David Brewster, suposto inventor do kaleidoscopio) foi a única que seguiu os pasos da súa nai, xa que posuía gran talento para o arte e as ciencias, e propúxose crear unha máquina analítica capaz de emular a creación artística ata entón restrinxida aos seres humanos.

O seu nome era Scherezada, e ao igual que a súa nai e o seu avó, faleceu aos 36 anos de idade.



Ada ao piano, retrato de 1852.

Os últimos anos da súa vida foron moi tormentosos: sucedéronse as crises nerviosas, as débedas e os escándalos amorosos.

Para soportar as dores da súa mala saúde, comezou a tomar drogas e alcohol, que pouco a pouco a ían conducindo a un pozo sen fondo. Sabedora disto último, conseguiu deixar atrás ditas adiccións, pero caeu noutra nova: as apostas, onde perdeu o pouco diñeiro que lle quedaba.

Lady Ada Lovelace morreu polas sangrías (que eran, básicamente, unha modalidade de tratamento médico que consistía na extracción de sangue do paciente para o tratamento de doenzas) producidas polos médicos da época no seu absurdo intento de curar desa maneira un cancro de útero que a consomeu o 27 de novembro de 1852.

Foi enterrada por petición propia xunto ao pai que nunca coñeceu, na Igrexa de Santa María Magdalena en Hucknall (Nottingham).

Haga clic en el icono para agregar una



## en el icono para agregar una imagen



Marca histórica (chamada Placa Azul) a Ada Lovelace en a plaza de St. James, Londres.

A Lady Lovelace atribúeselle a creación do bucle ou subrutina e o primeiro linguaxe de programación (para a máquina analítica de Babbage). Por isto recoñécese como a primeira programadora da historia.

As súas ideas foron extendidas un século despois polo matemático Alan M. Turing (en 1937) e por John von Neumann, matemático húngaro-estadounidense (en 1946). Ambos personaxes desempeñaron un papel fundamental no desenvolvemento do ordenador tal e coma o coñecemos hoxe.

Sendo moitas as mulleres que realizaron grandes aportes ao mundo da informática, só Ada conta cun linguaxe de programación que leve o seu nome. En 1979, o Departamento de Defensa dos Estados Unidos creou unha linguaxe de programación en honor a Lady Lovelace, chamado ADA. Este foi o primeiro recoñecemento á súa labor tras a súa morte.

Por todo isto, na actualidade, a miúdo considéraselle estandarte do cibermisminismo.

NOEMÍ GUTIÉRREZ FERRER

E

MARÍA PUENTE LEÓN

3ºESO A



Instituto de Ensino Secundario Plurilingüe Fontexería

Agra de Baño, s/n - 15259 - Muros - A. Coruña  
Tel./Fax: 981 827 225 - ies.fontexeria@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA